

eme210º

PRESENTA:

O FLORIDO PÉNSIL

De **ANDRÉS SOPEÑA**

Dirixido por **FERNANDO BERNUÉS e MIREIA GABILONDO**

ANTONIO DURÁN
'MORRIS'

FEDERICO
PÉREZ

ALFONSO AB
AGRA

JOSITO
PORTO

X. MANUEL
OLIVEIRA 'PICO'

Patrocinan:



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Instituto Galego de
Estudos Culturais


Colaboran:



centro
dramático
galego




TANTATANTA



- Milleiros e milleiros de veces pasamos immaculados, coa voz en alza polo:
- (Cantando) fuiste de glorias florido pensil.
- Sen a menor idea do que puidésemos estar berrando.
- E sen a máis mínima curiosidade por averigualo, a verdade sexa dita.
- Pero nesta frase, no recordo da súa repetición tonta e mecánica, encontramos, porén, o símbolo inefable daquela escola, a cifra do caos aparente.
- A “lóxica” de tanta e tanta sandez.
- E é que está todo aí, no florido pénsil.






O FLORIDO PÉNSIL

Estreada en 1996 e despois de facer dúas temporadas completas, **O florido pénsil** realizou máis de **3.000 funcións** nas tres versións que se fixeron: español, catalán e euskera. Estivo en carteleira en Madrid durante **9 meses** con cheos absolutos, e dous meses en Bos Aires. Sen dúbida foi o espectáculo máis aclamado dos últimos 20 anos da historia do teatro español, e un dos de maior afluencia de público.





O FLORIDO PÉNSIL

O **florido pénsil** conta substancialmente as vicisitudes dun grupo de rapaces sometidos á absurda e ilóxica brutalidade do sistema educativo que dominou a España da posguerra. Os seus protagonistas descóbrennos un fresco no que se sucederán os escenarios da acción; en primeiro lugar a escola –centro de operacións fundamental para a propaganda do ideario fascista- e, máis tarde, o resto das tribunas desde onde o réxime mandaba os seus sinais de apoio: o cinema de barrio, a radio familiar; a igrexa e a prensa, representada aquí polo aparentemente inofensivo Tebeo.


O fresco inclúe tamén unha variada e interesante fauna de personaxes nos que se misturan heroes do cinema e da banda deseñada con casposos mestres, mozos máis ou menos espabilados con curas de alento tronante, e voces de nomes míticos cuxos rostros nos roubou a historia: Matías Prats, Pedro Pablo Ayuso, Matilde Conesa.

A obra, naturalmente, está representada por cinco actores adultos. A distancia entre actores adultos e personaxes infantís serve para peneirar as dúbidas, a incompreensión e sobre todo a tremenda perplexidade que xorde da aplicación da lóxica infantil á desmesura ideolóxica da educación do réxime.

Con estes ingredientes, non é de estrañar que a temática da obra xire arredor das posibilidades de vivir folgadoamente no futuro a través dos recursos que proporcionan uns increíbles exercicios de aritmética; cuestione a ridícula predestinación divina depositada na nación española como salvagarda dos valores morais no mundo; avalíe as triscas obtidas por cadaquén ante a impenetrabilidade do misterio da fe; se espante ante a inefable superioridade intelectual e moral do heroe español Roberto Alcázar; e se aburra e irrite ante a patente estupidez asociada a indios e negros en Hollywood.

Sen dúbida, este repaso á nosa infancia resultaría coxo se no incluía unha boa dose de cancións, sintonías, NO-DOS e outros elementos que caracterizaron o caldo de cultivo da nosa “educación sentimental”.

Nembargantes esta liña argumental que serve para o conxunto do Estado español non recollería a especificidade do caso galego; o réxime caracterizouse pola negación máis absoluta dos dereitos máis elementais da lingua e a cultura galega. A represión sufrida polas nosas tradicións e o contacto de nenos e sensibilidade procedentes de distintos entornos coa conflitividade, a veces amarga e a veces divertida, que produciu; pecha un mural ao que aínda hoxe en día culpamos da maioría dos nosos males.



O ELENCO



Xosé Manuel Olveira “Pico”

Un dos actores máis consagrados da escena galega, participou ao longo da súa traxectoria en 20 montaxes do CDG. No eido do audiovisual ten traballado en series como *Mareas vivas* ou *Padre Casares*. No seu haber conta con tres premios María Casares por interpretación masculina.



Antonio Durán “Morris”

Nacido en 1959 é un dos actores máis senlleiros da escena galega, tanto no audiovisual coma nas artes escénicas. É recoñecido en toda Galicia polo seu papel de Cuñado en *Pratos combinados* e de Alcalde en *Padre Casares*, dous dos seriais máis exitosos da historia da televisión autonómica, e recordado por todos no papel do Enfermo Imaxinario do Centro Dramático Galego, nas súas primeiras temporadas.



Federico Pérez

O máis novo do elenco destaca pola súa comicidade e seu control dos rexistros en galego. O seu papel de Josito na serie *Padre Casares* convertiuno nunha figura dentro do panorama audiovisual galego.



Josito Porto

Actor recoñecido no panorama teatral galego, nomeado varios anos aos premios de teatro María Casares, participou en varias películas como *O lápis do carpinteiro* ou *A los que aman*, de Isabel Coixet. Tamén participou en series de gran éxito en Galicia como *Pratos combinados*.



Alfonso Agra

Participou en todas as montaxes da compañía Artello nos anos oitenta e noventa. Traballou en varias longametraxes e series da Televisión de Galicia, entre as que se contan éxitos como *Libro de familia* ou *Mareas vivas*.

A DIRECCIÓN

Fernando Bernués e **Mireia Gabilondo** son unha parella de directores vencellados á compañía vasca **Tanttaka**. A súa obra é polifacética, xa que teñen dirixido en conxunto ou por separado numerosas montaxes de xéneros ben distintos. Gabilondo, para alén do teatro, destaca polas súas direccións dos espectáculos de danza da compañía Kuk kai, renovadora da danza tradicional vasca.

Bernués, pola súa banda, ten dirixido numerosas compañías e actores en todo o estado. A súa relación con Galicia chega a través de Manuel Rivas, para quen realizaron unha versión da novela *A man dos paños* titulada *La mano del emigrante*.

O EQUIPO

Producción: **Eme2**

Deseño de produción e produción executiva: **Xocas López**

Comunicación: **Martíño Suárez**

Administración: **Lola Rodríguez**

Deseño gráfico: **Logoferoz**

Deseño web: **Unquilo** (Edu Salguero)

Lingüista: **Emilio Cao**

Tradución: **Sandra Romaris**

Axudante de dirección: **Julio Perugorria**

Coordinación e asistencia técnica: **RTA (Miguel Soto e o seu equipo)**

Gravacións sonoras: **Anxo Graña**

Distribución e relacións públicas: **Mercedes Castro**

Fotografía: **Janite**

Material audiovisual: **Fochanca**

Autor: **Andrés Sopena**

Adaptación teatral: **Tanttaka Teatroa**

Iluminación: **Xabier Lozano**

Vestuario: **Pepi Soroiz**

Escenografía: **Fernando Bernués**

CONTACTO

Mercedes González Castro / emedous@emedous.com

Julio Perugorria / julio@jpproducciones.com

emedous.com

jpproducciones.com